

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda, á iniciativa da súa deputada **Yolanda Díaz Pérez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión III**, relativa ao diferencial negativo para Galicia do crecemento do PIB.

Exposición de motivos

Publica o INE os datos do PIB do segundo trimestre do ano. Deixando agora de lado as fondas obxeccións que temos respecto dun indicador macroeconómico que desconsidera elementos fundamentais para o desenvolvemento humano, o certo é que deles despréndese a confirmación do diferencial negativo galego respecto á dinámica estatal.

Galicia rexistra un crecemento trimestral do 0,6% mentras no Estado o crecemento chega ao 1%. En taxa interanual, España creceu un 3,1% namentras Galicia resta cun 1,8%. Son cifras que confirman a impotencia das políticas de Núñez Feijóo para situarse nun diferencial positivo respecto o Estado. Crecemento que en todo caso segue sendo moi feble, un rebote derivado do afundimento provocado neste sexenio polas políticas neoliberais, e que non consegue xerar emprego estable e con dereitos.

Non deixa de ser significativo o dato sobre a variación do custo laboral unitario, o cal para este trimestre sitúase nun -0,1%. Logo que todos os trimestres d trienio 2011-2014 este indicador retrocedera. Continúa esa violencia material sobre os salarios, elemento fundamental para entregar fondura á saída da crise e para garantir un mínimo de benestar social.

O real, cos datos do IGE referidos á creación de postos de traballo equivalentes a tempo completo total e asalariado, revela a apenas estabilización na destrución de emprego. Se no 2013, Galicia tiña 797.799 equivalentes a tempo completo como asalariados cos datos do 2º trimestre do 2015 só 812.339 (ao comezo do mandato de Núñez Feijóo tiñamos 1.056.537 postos de traballo a tempo completo equivalentes). Cantos anos se precisará para recuperar só o emprego destruído no sexenio? Eses datos de equivalencia de postos de traballo a tempo completo totais son todavía peores: no 2013, Galicia tiña 968.139 e agora sumamos 977.630 menos de dez mil en ano e medio (cando chegara Núñez Feijóo, os datos marcaban 1.262.458 postos de traballo).

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a adoptar medidas de carácter social e favorables ás clases traballadoras para correxir ese diferencial negativo no PIB, en particular para conquistar unha creación suplementaria de postos de traballo estables e con dereitos a tempo completo e para pór en termos positivos os custes laborais unitarios?

En Compostela, a 27 de agosto do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 27/08/2015 13:49:02